



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

*Nomeamento de persoal eventual*

#### ANUNCIO

Resolución núm. 16176 do 01/04/2022 pola que se dispón o nomeamento de persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña

Na dita Resolución o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público; artigos 33, 89, 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local; artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes do réxime local, e artigo 29 e seguintes, así como o 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia,

#### RESOLVEU:

**Primeiro.** Nomear persoal eventual para ocupar o posto de traballo de confianza e asesoramento especial, asimilado a efectos retributivos ao Subgrupo e Nivel de Complemento de Destino e co réxime de dedicación que deseguido se indica, á persoa que se indica a continuación para realizar funcións de asesoramento en materia de comunicación aos concellos da provincia da Coruña, con efectos á data da súa toma de posesión:

- Domingo Sampredro Orellán (DNI \*\*\*5444\*\*). Posto: Técnico, subgrupo de equiparación A1, nivel de equiparación 25, réxime de especial dedicación.

En ningún caso desempeñará actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que correspondan ao persoal funcionario de carreira.

**Segundo.** Publicar o nomeamento, réxime de retribucións e dedicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, a 11 de abril de 2022

O Presidente

PDFR 26013 do 29/07/2019

O Deputado

Antonio Leira Piñeiro

A Secretaria Xeral

Amparo Taboada Gil

2022/1971